

Canción: O Samaín



**Era noite de trebón,
nun vello e mouro castelo,
a auga caía a chuzos
E os lóstregos a centos.**

**Óese dentro un barullo
de alaridos e lamentos,
era noite de trebón
nun vello e mouro castelo.**

**Bule, bule, bule, bule,
bailan, bailan os espectros,
bailan bailan esqueletes,
sapos, monstros e morcegos.**

**Bailan, bailan as pantasma,
bailan porque aínda é cedo,
monstros, bruxas e curuxas
prepáranse a meter medo.**

LECTURA COMPRESIVA:

1- Onde caía a auga a chuzos e os lóstregos a centos?

2- Que se oe dentro do mouro castelo?

3- Que fan os espectros, esqueletes, sapos, monstros e morcegos?

4- Quenes se preparan a meter medo?

5- Debuxa os personaxes da canción.

